

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MOS

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE CIRCULACIÓN E TRÁFICO DO CONCELLO DE MOS

ANUNCIO

Aprobado inicialmente en sesión do pleno deste Concello do 30.12.2019, a Modificación da Ordenanza reguladora de circulación e tráfico do Concello de Mos”, e non presentándose alegacións no prazo de exposición o público ó que se someteu, enténdese definitivamente aprobado en aplicación do sinalado polo art. 49 da Lei 7/1985, procedéndose á súa publicación íntegra para a súa entrada en vigor, que terá lugar unha vez transcurrido o prazo de 15 días referido polo art. 65.2, por remisión do 70, ambos da Lei 7/1985.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE CIRCULACIÓN E TRÁFICO DO CONCELLO DE MOS

Artigo 1. Ámbito de aplicación

A presente ordenanza, de conformidade co disposto no artigo 25º da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) e nas disposicións contidas no Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos de Motor e Seguridade Viaria (LTSV), polo Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, polo Real Decreto 320/1994, de 25 de febreiro, entre outras disposicións legais, será de aplicación en todas as vías públicas urbanas da localidade, así como nas vías de comunicación entre as distintas entidades de poboación do termo municipal.

Artigo 2. Normas complementarias e subsidiarias

Naquelas materias non reguladas expresamente pola presente Ordenanza, aplicaranse complementaria e subsidiariamente a LTSV, os regulamentos que a desenvolven e demais normas de carácter xeral.

Artigo 3. Competencia municipal

Corresponderán ao Concello de Mos, entre outras, as seguintes competencias, que serán exercidas polo Ilmo. Sr. Alcalde ou Concelleiro Delegado, nos casos nos que non se atribúan expresamente a outros órganos municipais:



Venres, 20 de marzo de 2020

Núm. 55

1. A ordenación do tráfico nas vías urbanas da súa titularidade, a regulación, control e disciplina do tráfico nas vías do termo municipal así como a súa vixilancia por medio de axentes propios, a denuncia das infraccións que se cometan nas ditas vías, as medidas cautelares e a sanción das mesmas cando non estea expresamente atribuída a outra Administración.

2. A regulación mediante Ordenanza Municipal de Circulación, dos usos das vías urbanas e do seu contorno, facendo compatible a equitativa distribución dos aparcadoiros entre todos os usuarios coa necesaria fluidez do tráfico rodado e co uso peonil das rúas, así como o establecemento de medidas de estacionamento limitado, co fin de garantir a rotación dos aparcadoiros, prestando especial atención as zonas comerciais e ás necesidades das persoas con discapacidade física que teñen reducida a súa mobilidade e que utilizan vehículos, coa finalidade de favorecer a súa integración social.

3. A concreción, cumprimentación e actualización da Ordenanza Municipal de Circulación, con anexos, mediante Bandos ou Decretos da Alcaldía.

4. A inmovilización e retirada dos vehículos nas vías do termo municipal, mediante acta, medios mecánicos ou retirada con guindastre e posterior traslado ao depósito municipal cando non estean provistos de título que habilite o estacionamento en zonas limitadas en tempo ou excedan o dobre do tempo autorizado conforme ao establecido na presente ordenanza, cando obstaculicen, dificulten a circulación ou supoñan un perigo para a seguridade viaria, cando se atopen incorrectamente aparcados ou por carecer de autorizacións administrativas, seguro obrigatorio, conducir baixo a influencia do alcohol e/ou outras drogas, e nos demais supostos que se dispoña na normativa de tráfico e nesta ordenanza.

5. O peche de vías urbanas, así como os cambios de sentido e direccións, restricións e limitacións da circulación e estacionamento, ordenación e regulación de estacionamentos e circulación, cando sexa necesario.

6. A regulación das paradas e itinerarios do transporte urbano e interurbano, no termo municipal.

7. A regulación e restricións da circulación, parada e estacionamento dos transportes pesados, de obras, de servizos e perigosos, así como dos remolques, caravanas, vehículos-tenda, maquinaria e similares.

8. A regulación das labores de carga e descarga e dos usos das zonas reservadas a tales efectos.

9. As limitacións e prohibicións da circulación de vehículos, do estacionamento e das labores de cargas e descargas nas zonas peonís de carácter permanente ou temporal.

10. O establecemento das zonas peonís e zonas excluídas ao tráfico.

11. O control, autorizacións e prohibicións das ocupacións da vía pública e os cortes de tráfico parciais ou totais, de calquera clase ou por calquera circunstancia por particulares e outras administracións.



Venres, 20 de marzo de 2020

Núm. 55

12. O establecemento de taxas polas ocupacións, cortes de tráfico e usos nas plataformas viarias dentro do termo municipal.

13. A autorización, control e disciplina das obras, instalacións ou actuacións, incluída a publicidade nas zonas de dominio público, de servidume ou de afección das estradas dentro do termo municipal.

14. A adopción de medidas cautelares e sanción de incautación de xoguetes, aparellos, instrumentos, elementos, ou instalacións, incluídas as instalacións publicitarias.

As citadas competencias en canto a regulación do tráfico, vixilancia, control, disciplina viaria, requirimentos, denuncia de infraccións e adopción de medidas cautelares, serán exercidas directamente pola Policía Local no exercicio das súas funcións como axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico.

Artigo 4. Sinalización

1. A sinalización preceptiva efectuarase de forma específica, para tramos concretos da rede viaria municipal, ou de forma xeral para toda a poboación, nese caso os sinais colocaranse en todas as entradas a esta.

2. Os sinais que existan á entrada das zonas de circulación restrinxida rexen en xeral en todo o interior dos seus respectivos perímetros.

3. Os sinais dos Axentes da Autoridade prevalecerán sobre calquera outras.

4. Non se poderá colocar sinal preceptivo ou informativo sen a previa autorización municipal. En calquera caso a sinalización por obras, por circunstancias excepcionais ou de perigo precisará de previa autorización municipal, na que se determinarán as condicións que deben cumprirse, que será sometida a informe previo da Policía Local, ademais doutros informes que poidan considerarse necesarios. Sen prexuízo das infraccións e responsabilidade por tales motivos, os citados sinais e demais elementos serán inmediatamente retirados por quen os colócase ou a entidade a quen representen cando sexan requiridos para iso. Tamén poderán ser retirados directamente polos servizos municipais competentes, e os responsables aboarán a taxa orixinada segundo a Ordenanza Fiscal correspondente.

5. Soamente se poderán colocar os sinais informativos que, a criterio da Autoridade Municipal, comporten interese municipal.

6. Non se permitirá a colocación de publicidade nos sinais, costados ou mástiles das mesmas, así como colocar carteis informativos e/ou publicitarios nas zonas de dominio público, servidume ou afección sen a correspondente autorización municipal.

7. Prohíbese a colocación de panfletos, carteis, anuncios ou mensaxes en xeral que impidan ou limiten aos usuarios a normal visibilidade de semáforos ou sinais, ou que poidan distraer a súa atención.



Venres, 20 de marzo de 2020

Núm. 55

8. Os sinais portátiles colocados coa debida antelación e xeito adecuado teñen a mesma validez que as fixas, obrigando en todo caso a todos aqueles que circulen ou estacionen nas zonas afectadas polas mesmas. Esta obriga afectará a aqueles que entren na zona restrinxida posteriormente á colocación das mesmas.

9. Sen prexuízo do pagamento dos custos de reposición, prohíbese colocar, retirar ou mover sinais de todo tipo, incluído sinalización vertical e horizontal de vaos, conos, barreiras e balizas, así como causarles danos ou deterioro dos mesmos.

10. Os sinais, ordes ou requirimentos e indicacións dos Axentes da Policía Local en aplicación directa desta ordenanza prevalecen sobre calquera outras, aínda que sexan contraditorias a outro tipo de sinais ou normas de circulación.

O Concello procederá á retirada inmediata de toda aquela sinalización que non estea debidamente autorizada ou non cumprise as normas en vigor, aplicando o correspondente cargo á empresa ou persoa responsable.

Actividades diversas nas vías públicas

Artigo 5. Consideraranse actividades diversas na vía públicas, as seguintes:

- Instalación de colectores.
- Cabalgatas, festexos, verbenas, pasarrúas, convois circenses, de espectáculos, electorais, publicitarios, etc.
- Reunións e manifestacións.
- Operacións especiais de carga e descarga.
- Probas deportivas.
- Obras de instalación de andamios, guindastres e outras operacións especiais.
- Todas aquelas outras que garden relación de similitude coas anteriormente sinaladas e que afecten ás vías obxecto desta Ordenanza.

Autorización municipal

Artigo 6. Para a realización de calquera das actividades reseñadas no punto anterior, deberán contar coa previa e expresa Autorización Municipal. Salvo que, pola índole da actividade, non sexa esixida legalmente.

1. Esta licenza expedirase polo Alcalde ou órgano que actúe por delegación expresa do mesmo nesta materia, previo informe da Autoridade do tráfico e/ou calquera outro organismo competente en materia de vía pública.

2. Ós efectos anteriores, a Licenza deberá solicitarse con carácter xeral, sinalando a data, horario e as previsións de incidencias ó tráfico, cunha antelación mínima de 10 días hábiles. Acompañándose de croquis do itinerario a seguir ou do seu emprazamento. Quedando constancia do pago das taxas que procedesen. No caso de obras, instalación de andamios, guindastres e



Venres, 20 de marzo de 2020

Núm. 55

outras operacións especiais, non se expedirá autorización para o uso especial do dominio público sen a xustificación da Licenza de obras cando esta fose preceptiva.

3. Os danos ocasionados nas vías obxecto desta Ordenanza con ocasión das actividades referidas no artigo 5, deberán ser resarcidos polos titulares.

4. O silencio administrativo nesta materia entenderase sempre negativo se o día no que se realice a actividade non houberse resolución expresa que a ampare.

Actuacións especiais dos Axentes da Autoridade

Artigo 7. Os Axentes da Autoridade, por razóns de seguridade ou orde pública, ou para garantir a fluidez da circulación, poderán modificar eventualmente a ordenación do tráfico naqueles lugares onde se produzan grandes concentracións de persoas ou vehículos, ou concurren supostos de urxencia e/ou extrema necesidade. Con esta fin, poderanse colocar ou retirar provisionalmente os sinais que sexan convenientes, así como tomar as oportunas medidas preventivas.

Obstáculos na vía pública

Artigo 8. Prohíbese a colocación na vía pública de calquera obstáculo, obxecto, así como derramar, verter e/ou esparcir calquera tipo de substancia susceptible de crear un risco para seguridade viaria, non autorizada especificamente. Non entanto o anterior, por causas debidamente xustificadas, poderán autorizarse ocupacións temporais da vía pública nos lugares nos que, non xerándose perigo algún pola ocupación, ocasione menos trastorno ao tráfico.

Artigo 9. Todo obstáculo, de calquera natureza, que distorsione ou dificulte a plena circulación de peóns e/ou vehículos haberá de ser convenientemente sinalizado.

Artigo 10.

a) Por parte da Autoridade Municipal poderase proceder á retirada dos obstáculos cando:

1. Entrañen perigo para os usuarios das vías.
2. Non se obtivo a correspondente autorización.

3. Transcorra o tempo autorizado ou non se cumprisen as condicións fixadas na preceptiva autorización.

b) Os gastos producidos pola retirada dos obstáculos, así como pola súa sinalización especial, serán a costa do interesado.

Artigo 11. Prohíbese arroxar a vía pública ou as súas inmediacións obxectos que poidan producir incendios e/ou deteriorala.



Venres, 20 de marzo de 2020

Núm. 55

Peóns

Artigo 12. Os peóns circularán polas beirarrúas. Se a vía pública carecese de beirarrúas, os peóns transitarán pola esquerda da calzada, e deberán ir provistos dun elemento luminoso o retrorreflectante naqueles supostos que establece o Regulamento Xeral de Circulación e demais Leis de aplicación.

Estacionamento

Artigo 13. O estacionamento de vehículos rexerese polas seguintes normas:

1. Os vehículos poderanse estacionar en fila, é dicir, paralelamente á beirarrúa, en batería, perpendicularmente a aquela e en semibatería, oblicuamente.
2. En ausencia de sinal que determine a forma de estacionamento, este realizarase en fila.
3. Nos lugares habilitados para estacionamento con sinalización no pavimento, os vehículos colocaranse dentro do perímetro marcado.
4. Os vehículos, ó estacionar, colocaranse tan preto da beirarrúa como sexa posible, aínda que deixando un pequeno espazo para permitir a limpeza daquelas partes da calzada.
5. En todo caso, os condutores haberán de estacionar o seu vehículo de maneira que non poida poñerse en marcha espontaneamente.

Artigo 14. Queda absolutamente prohibido estacionar nas seguintes circunstancias:

1. Nos lugares onde o prohiben os sinais correspondentes.
2. Naqueles lugares onde se impide ou dificulta a circulación.
3. Onde se obrigue ós outros condutores a realizar manobras antirreglamentarias.
4. En dobre fila, tanto se na primeira áchase un vehículo como un colector ou outro obxecto ou algún elemento de protección.
5. En calquera outro lugar da calzada distinto habilitado para o estacionamento.
6. Naqueles rúas onde a calzada non permita o paso dunha columna de vehículos.
7. Naqueles rúas de dobre sentido de circulación nas cales a amplitude da calzada non permita o paso de dúas columnas de vehículos.
8. Nas esquinas das rúas cando se impida ou dificulte o xiro de calquera outro vehículo.
9. En condicións de entorpecer a saída doutros vehículos estacionados regulamentariamente.
10. Nos espazos da calzada destinados ao paso de viandantes.
11. Nas beirarrúas, plataformas, refuxios, paseos centrais ou laterais, zonas axardinadas, parques e zonas sinaladas on franxas no pavimento, tanto se é parcial como total a súa ocupación.



Venres, 20 de marzo de 2020

Núm. 55

12. Á beira das plataformas, refuxios, paseos centrais ou laterais e zonas sinalizadas con franxas no pavimento.

13. Naqueles tramos sinalizados e delimitados como parada de transporte público ou escolar, de taxis, zonas de carga e descarga, vaos e zonas reservadas en xeral.

14. Nas zonas que, eventualmente, haxan de ser ocupadas por actividades autorizadas, ou nas que haxan de ser obxecto de reparación, sinalización ou limpeza.

15. Nas entradas a garaxes e aparcadoiros denominados “pasos de carruaxes” debidamente sinalizados e autorizados polo municipio.

16. Diante dos colectores do lixo.

17. Diante dos rebaixes das beirarrúas para acceso a minusválidos.

18. Cando a distancia entre o vehículo e o borde oposto da calzada ou unha marca lonxitudinal sobre ela que indique prohibición de atravesala sexa inferior a tres metros ou, en calquera caso, cando non permita o paso de outros vehículos.

19. Estacionar en sentido contrario da marcha.

20. Cando obstrúa total ou parcialmente a entrada ou saída dun inmovible.

21. Queda prohibido en todo o termo municipal o estacionamento de remolques, semi-remolques, vehículos-tenda, maquinaria ou similares e o uso de autocaravanas e caravanas. Excepcionalmente permitirase o uso de caravanas e autocaravanas por un período máximo de dous días, sendo necesaria a autorización municipal para o estacionamento por un período superior, limitándose a un máximo de cinco días, e nos termos do regulado polo artigo 51.2. Non será de aplicación esta limitación para o uso de caravanas e autocaravanas nos lugares habilitados especificamente por parte do Concello.

22. Queda prohibido o estacionamento por un período superior a trinta días naturais no mesmo lugar da vía ou a súa rotación nun ámbito inferior a 500 metros.”

Artigo 15. As rúas con capacidade máxima para dúas columnas de vehículos e de sentido único de circulación, os vehículos serán estacionados a un só lado da rúa, a determinar pola Autoridade Municipal.

Artigo 16. Se un vehículo resultara afectado por un cambio de ordenación do lugar onde se atopa, cambio de sentido ou de sinalización, realización de obras ou calquera outra variación que comporte, en definitiva, un traslado ao Depósito Municipal ou, na súa falta, a outro lugar de estacionamento autorizado o condutor non será responsable da nova infracción cometida.

Artigo 17.

1. Os titulares de autorizacións municipais de estacionamento en zonas reservadas para diminuídos físicos poderán estacionar os seus vehículos ata o tempo máximo permitido na ordenanza municipal reguladora do estacionamento con horario limitado gratuito.



Venres, 20 de marzo de 2020

Núm. 55

2. Se non existise ningunha zona reservada para o estacionamento por diminuídos físicos cerca do punto de destino de tales condutores, os Axentes municipais poderán permitir o estacionamento naqueles lugares nos que menos prexuízo se cause ao tránsito, pero nunca nos que o estacionamento prohibido supoña, en virtude do previsto nesta Ordenanza causa de retirada do vehículo.

Artigo 18.

1. Os ciclomotores e motocicletas deberán ser estacionados en espazos reservados especialmente para elo. Se non houber estas zonas, deberán ser estacionados paralelamente á calzada e a unha distancia de 50 centímetros desta, sempre que non se obstaculice o paso de viandantes, bicicletas, coches de nenos, etc.

2. A distancia mínima entre unha motocicleta estacionada segundo o apartado anterior e os límites dun paso de peóns sinalizado ou unha parada de transporte público, será de dous metros.

3. O estacionamento na calzada farase en semibatería ocupando unha amplitude máxima dun metro e medio.

4. Cando as rúas carezan de beirarrúa, o estacionamento efectuarase aproximando o máis posible tales vehículos ós extremos da calzada, sempre que se permita a circulación de calquera outros vehículos e non se obstrúan portas, fiestras, escaparates, de leiras lindeiras, etc.

5. Sempre e cando non sexa posible o estacionamento de ningunha das formas indicadas, poderase facer na beirarrúa, andén ou paseo, sempre e cando non estea expresamente prohibido ou sexa zona de carga e descarga ou impida ou dificulte a circulación de peóns, nos termos que se detallan:

- a.) Só se poderá usar o motor para salvarlo bordillo, se existise.
- b.) Terase que estacionar preferentemente de xeito paralelo ao bordillo, e a unha distancia mínima de 50 centímetros do mesmo.
- c.) Poderase estacionar entre árbores
- d.) Non se poderá obstruír nunca o paso de peóns.
- e.) Non se estacionarán motocicletas e ciclomotores en rúas peonís, salvo que estea permitido e convenientemente sinalizado.
- f.) Estará prohibido estacionar motocicletas e ciclomotores encadeándoas ou amarrándoas a árbores e outros elementos do mobiliario urbano.

Retirada de vehículos na vía pública

Artigo 19. Os Axentes da Autoridade poderán proceder, se o obrigado a efectualo non o fai, á retirada do vehículo, semi-remolque ou remolque da vía e o seu traslado ao Depósito Municipal de vehículos nos seguintes casos:



Venres, 20 de marzo de 2020

Núm. 55

1. Sempre que constitúa un perigo ou cause grave trastorno á circulación ou ao funcionamento dalgún servizo público e tamén cando se poida presumir racionalmente o seu abandono na vía pública.
2. En caso de accidente que impidise continuar a marcha.
3. Cando se atope inmovilizado por deficiencias do propio vehículo.
4. Cando un vehículo estivese estacionado en dobre fila sen condutor.
5. Cando obrigue aos outros condutores a realizar manobras excesivas, perigosas ou antirreglamentarias.
6. Cando ocupe total ou parcialmente un vao, durante o horario sinalado.
7. Cando estea estacionado nunha zona reservada para carga e descarga, durante as horas da súa utilización.
8. Cando estea estacionado nunha parada de transporte público sinalizada e delimitada.
9. Cando estea estacionado en lugares expresamente reservados a servizos de urxencia e seguridade.
10. Cando estea estacionado diante das saídas de urxencia dos locais destinados a espectáculos públicos durante as horas que se celebren.
11. Cando estea estacionado total ou parcialmente encima dunha beirarrúa, plataforma, refuxio, paseo, zona de precaución ou zona de franxas no pavimento, carecendo de autorización expresa.
12. Cando impida a visibilidade dos sinais de tráfico ao resto dos usuarios da vía.
13. Cando estea estacionado nun paso de peóns sinalizado.
14. Cando estea estacionado nun punto onde estea prohibida a entrada.
15. Cando impida o xiro ou obrigue a facer manobras especiais para efectualo.
16. Cando impida a visibilidade do tránsito dunha vía ós condutores que acceden doutra.
17. Cando obstrúa total ou parcialmente a entrada ou saída dun inmovible.
18. Cando estea estacionado en lugares prohibidos en vía cualificada como de atención preferente, ou sexa outra denominación de igual carácter, por Bando da Alcaldía.
19. Cando estea estacionado en plena calzada.
20. Cando estea estacionado nunha rúa de peóns fóra das horas permitidas, salvo nos estacionamentos expresamente autorizados.
21. Cando estea estacionado nunha reserva de aparcadoiro para diminuídos físicos.



Venres, 20 de marzo de 2020

Núm. 55

22. Sempre que, como todos os casos anteriores, constitúa perigo ou cause grave deterioración da circulación ou ao funcionamento dalgún servizo público.

23. Cando, inmovilizado un vehículo non cesasen as causas que motivaron a inmovilización.

24. Cando, procedendo legalmente a inmovilización do vehículo, non exista lugar adecuado para practicala sen obstaculizar a circulación de vehículos ou persoas.

25. Cando os remolques, semi-remolques, caravanas, vehículos-tenda, autocaravanas maquinaria ou similares non posúan autorización municipal para estacionar no termo municipal.

Cando os Axentes da Autoridade tiveran que retirar e/ou trasladar un vehículo ao depósito municipal por algún destes supostos, os custos xerados correrán a conta do propietario do vehículo.

Artigo 20. Os Axentes da Autoridade poderán retirar os vehículos da vía pública nos seguintes casos:

1. Cando estean estacionados nun lugar reservado para a celebración dun acto público debidamente autorizado.

2. Cando resulte necesario para a limpeza, reparación ou sinalización da vía pública.

3. En casos de urxencia e/ou extrema necesidade.

Estas circunstancias faranse advertir co máximo tempo posible, sen prexuízo de que por causas xustificadas, se poidan retirar os vehículos sen previo aviso aos titulares dos mesmos por non existir tempo suficiente para facelo. no seu caso, os vehículos serán conducidos ao lugar autorizado máis próximo con indicación aos seus condutores da situación dos mesmos.

4. No suposto de estacionamento de vehículos na vía pública con fins publicitarios así como a exposición para a venda de vehículos na vía pública sen previa autorización municipal ou incumprindo as condicións impostas.

Artigo 21. Sen prexuízo das excepcións previstas legalmente, os gastos que se orixinen como consecuencia da retirada, transporte e depósito do vehículo serán por conta do titular, que deberá de abonalos ou garantir o seu pago como requisito previo á devolución do vehículo, sen prexuízo do dereito a interpor os recursos que correspondan.

Artigo 22. A retirada do vehículo suspenderase inmediatamente, se o condutor comparece antes de que o guindastre inicie a súa marcha co vehículo enganchado e tome as medidas necesarias por facer cesar a situación irregular na que se atopaba.

Correrán pola conta do titular do vehículo os gastos que ocasione o chamamento do guindastre.



Venres, 20 de marzo de 2020

Núm. 55

Vehículos abandonados ou avariados

Artigo 23. Considerarase que un vehículo está abandonado se existe algunha das circunstancias seguintes:

1. Que estea estacionado por un período superior a un mes e que presente danos que permitan presumir racionalmente unha situación de abandono ou que teña desperfectos que fagan imposible o seu desprazamento polos seus propios medios.

3. Os que carezan de placas de matrícula.

Artigo 24.

1. Os vehículos abandonados serán retirados e levados ao Depósito Municipal.

Inmediatamente iniciaranse os trámites tendentes á determinación do seu titular, a quen se lle ordenará a retirada do vehículo, debendo efectualo no prazo dun mes dende a notificación.

2. Os dereitos correspondentes ó traslado e permanencia serán por conta do titular.

3. Se o propietario negárase a retirar o vehículo, polo Concello procederase ó alleamento do mesmo, sendo por conta do titular do vehículo os gastos da recollida, transporte e xestión. Salvo no caso de sustración ou outras formas de utilización do vehículo en contra da vontade do seu titular, debidamente xustificadas.

4. Prohíbese salvo por razóns de urxencia ou extrema necesidade, o arranxo mecánico ou de calquera outro tipo de manipulación ou traballo respecto ós vehículos estacionados ou parados nas vías obxecto desta Ordenanza. Así mesmo, prohíbese o lavado de toda clase de vehículos.

Especificamente prohíbese ós talleres de reparación de vehículos a ubicación e reparación dos mesmos en ditas vías.

Medidas especiais

Artigo 25. Cando circunstancias especiais requíranlo, poderanse tomar as oportunas medidas de ordenación do tránsito, prohibindo ou restrinxindo a circulación de vehículos, ou canalizando as entradas a unhas zonas do pobo por determinadas vías, así como reordenando o estacionamento.

Artigo 26. Atendendo ás especiais características dunha determinada zona de poboación, a Administración Municipal poderá establecer a prohibición total ou parcial da circulación ou estacionamento de vehículos, ou ámbalas cousas, a fin de reservar todas ou algunhas das vías públicas comprendidas dentro da zona mencionada á súa utilización exclusiva polos residentes nas mesmas, veciños en xeral ou peóns.

Artigo 27. En tales casos, as rúas haberán de ter a oportuna sinalización á entrada e á saída, sen prexuízo de poderse utilizar outros elementos móbiles ou fixos que impidan a circulación de vehículos na zona afectada.



Venres, 20 de marzo de 2020

Núm. 55

Artigo 28. As mencionadas restricións poderán:

1. Comprender a totalidade das vías.
2. Limitarse ou non a un horario preestablecido.
3. Ser de carácter diario ou referirse soamente a un número concreto de días.

Artigo 29. Calquera que sexa o carácter e o alcance das limitacións dispostas, estas non afectarán á circulación nin estacionamento dos seguintes vehículos:

1. Os do servizo de extinción de incendios e salvamento, os de Policía, as ambulancias e, en xeral, os que sexan necesarios para a prestación de servizos públicos.
2. Os que transporten enfermos ou impedidos desde un inmovible da zona.
3. Os que transporten viaxeiros, de saída ou chegada, dos establecementos hostaleiros da zona.
4. Os que na mesma sexan usuarios de garaxes ou de aparcadoiros públicos ou privados autorizados.
5. Os autorizados para carga e descarga de mercancías.

Paradas de transporte público

Artigo 30.

A Administración Municipal determinará os lugares onde deberán situarse as paradas de transporte público e escolar.

Non se poderá permanecer naquelas máis tempo do necesario para a subida ou baixada dos pasaxeiros, salvo as sinalizacións con orixe ou final de liña.

En ningún caso o número de vehículos poderá ser superior á capacidade da parada.

Carga e descarga

Artigo 31.

1. Considérase carga e descarga na vía pública a acción de trasladar unha mercancía dun inmovible ou finca a un vehículo estacionado ou viceversa, e entre vehículos sempre que ámbolos dous vehículos estean autorizados para esta operación.

2. Teñen a consideración de vehículos autorizados ós efectos de poder realizala carga e descarga, os vehículos que non sendo turismos estean autorizados o transporte de mercancías e con esa definición sexan clasificados no Permiso de Circulación ou posúan a Tarxeta de Transportes.



Venres, 20 de marzo de 2020

Núm. 55

3. A carga e descarga de mercancías unicamente poderá realizarse nos lugares habilitados ao efecto nun tempo máximo de trinta minutos. De requirir máis tempo, deberá contar coa preceptiva autorización municipal, debendo solicitando con 48 horas de antelación indicando os datos da empresa solicitante, matrícula e características do vehículo, lugar da operación de carga e descarga e tempo aproximado da operación.

4. A tal fin, cando a citada actividade haxa de realizarse na vía pública e non teña carácter ocasional, os propietarios dos comercios, industrias ou locais afectados haberán de solicitar do Concello a reserva correspondente.

5. Unicamente permitirase a carga e descarga fóra das zonas reservadas nos días, horas e lugares que se determinen.

6. En ningún caso e baixo ningunha circunstancia, poderá realizarse a carga ou descarga nos lugares nos que, con carácter xeral, estea prohibida a parada ou o estacionamento.

7. O Concello poderá regulamentar a carga e descarga en relación a datas, horas, zonas, etc.

Artigo 32. As mercancías, os materiais ou as cousas que sexan obxecto de carga ou descarga non se deixarán no chan, senón que se trasladarán directamente do inmovible ao vehículo ou viceversa.

Artigo 33. As operacións de carga e descarga haberán de realizarse coas debidas precaucións para evitar molestias innecesarias e coa obrigaición de deixar limpo o espazo utilizado. Poderanse empregar carretillas transportadoras de tracción manual e superficie inferior a un metro cadrado.

Prohíbese botar, depositar, verter ou abandonar sobre a plataforma viaria e zona de afección materiais ou cousas, con independencia da súa natureza, que poidan entorpecer ou facer perigosa a circulación, parada ou estacionamento, deteriorar ou causar danos de xeito que modifiquen as condicións existentes para circular, parar ou estacionar.

